

Memoria xustificativa da addenda núm. 2 do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ferrol para abrir Ferrol ao mar. segunda fase das actuacións de fomento da mobilidade sostible na fachada marítima e portuaria da cidade de Ferrol

1.- Antecedentes.

O 29 de decembro de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre a AXI e o Concello de Ferrol para abrir Ferrol ao mar .O expediente fora tramitado como anticipado de gasto.

O custe total da actuación estímase en once millóns de euros (11.000.000,00), IVE engadido., que serán co financiados polas dúas administracións.

A Axencia Galega de Infraestruturas comprometeuse a financiar a redacción dos proxectos e o 50% das obras e a súa dirección ata un importe máximo de cinco millóns setecentos doce mil trescentos oitenta e cinco euros con vinte e cinco céntimos (5.712.385,25 €) IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 08.A1.512B.760.0, código de proxecto 2024-0001 coa seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	Importe (€)
2024	1.212.385,25
2025	1.600.000,00
2026	1.600.000,00
2027	1.300.000,00
TOTAL	5.712.385,25

Con data 14 de novembro de 2024 asinouse a primeira addenda na que o investimento previsto para 2024 transferiuse a 2027 cuxo importe actual é de 2.512.385,25 €.

2.- Razóns de necesidade e oportunidade

O 23 de outubro de 2025 o Concello de Ferrol solicita a sinatura dunha addenda para axustar o investimento da anualidade 2025 a execución real das obras, transferindo parte do seu importe á anualidade 2027.

Dita solicitude supón a modificación da cláusula cuarta do convenio.

Ámbalas dúas partes desexan que o obxecto do convenio, segunda fase das actuacións de fomento da mobilidade sostible na fachada marítima e portuaria da cidade, se



poida levar a cabo polo que cómpre tramitar a addenda solicitada que afecta a redacción da cláusula cuarta.

Coa modificación proposta o importe do investimento previsto para 2025 de 1.212.385,25€ redúcese á 585.550,63 € e a anualidade 2027 incrementase pasando de 2.512.385,25 € a 3.526.834,62 €.

Anualidade	Importe (€)
2025	585.500,63
2026	1.600.000,00
2027	3.526.834,62
TOTAL	5.712.385,25

3.- Adaptación á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

O contido do convenio e desta addenda adáptase ao establecido no Título Preliminar, Capítulo VI, artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora da Axencia Galega de Infraestruturas, María Deza Martínez

